

ASOCIACIÓN INTERNACIONAL
DE ESTUDIOS
GALEGOS

ACTAS MULLERES EN GALICIA
GALICIA E OUTROS POBOS DA PENÍNSULA

VII CONGRESO INTERNACIONAL DE ESTUDOS GALEGOS
UNIVERSITAT DE BARCELONA
BARCELONA 28 Ó 31 DE MAIO DE 2003

EDICIÓN HELENA GONZÁLEZ FERNÁNDEZ
MARÍA XESÚS LAMA LÓPEZ



EDICIONES DO CASTRO

XAN GONZÁLEZ-MILLÁN, CREADOR E DIRECTOR DO ANUARIO DE ESTUDOS LITERARIOS GALEGOS

CAMIÑO NOIA
Universidade de Vigo

A cidade de Nova York, onde hai case quince anos coñecín a Xan González Millán xa nunca será o mesmo lugar despois da súa desaparición e da de Esperanza, para os galegos e as galegas que vaiamos alá. Vainos faltar aquela illa de galegideade que atopabamos en Queens, na casa dos Chiños, onde se acollía con tanta xenerosidade a todos os que chegaban de Galicia. A tráxica morte de Xan e da súa muller cando áinda non cumplirán os cincuenta anos foi unha terrible fatalidade, difícil de admitir. E cando a dor da morte vai amainando, segue a anguriarme a idea de non terme mostrado máis entusiasta co seu traballo e de non colaborar máis intensamente con el nos seus proxectos.

Falar neste foro e noutrous semellantes da valía do home e do investigador que foi Xan González-Millán axúdame a minguar ese pesar que me persegue.

Porque xa daquela, pero sobre todo agora, son consciente de que Xan foi un traballador incansable e entusiasta da cultura galega. As súas fondas análises sobre a nosa literatura, aparecidas en artigos, libros ou conferencias, déronlle un forte pulo ó desenvolvemento do sistema literario galego, enchendo baleiros na práctica da crítica literaria e cambiando o xeito que os de aquí tiñamos de achegarnos ós textos, algo que supuxo unha auténtica renovación na metodoloxía de traballo dos estudos literarios de Galicia.

A súa obra constitúe un corpus teórico que atende fundamentalmente á produción literaria galega —con dedicación especial á narrativa— entendida como parte dun sistema cultural, onde cada unha das pezas depende das outras, e estas á súa vez da sociedade.

Coñecín a Xan González Millán en febreiro de 1989 cando cheguei a Nova York para impartir un curso de doutoramento sobre «A Nova Narrativa Galega» no Departamento de Linguas Hispánicas do Graduate Center da City University de Nova York. E durante os tres meses que botei nesa cidade pasei longas horas

de conversa con el: nas tardes dos domingos na súa casa de Queens, nos lixeiros xantares en Manhattan e nos delongados paseos polas avenidas neoiorquinas, que a min sempre me parecían curtos.

Daquelas conversas, que en ocasións eran verdadeiros debates sobre literatura e as manifestacións culturais de Galicia, ademais dunha fonda amizade, foron xurdindo ideas e perfilándose proxectos e investigacións que logo Xan foi facendo realidad. E entre os moitos proxectos que daquela matinamos estivo o de facer unha revista de estudos literarios que tratase de maneira exclusiva a producción literaria galega.

A idea de deseñar unha revista de literatura para Galicia veulle a Xan durante a elaboración da súa tese de doutoramento sobre a narrativa de Cunqueiro, cando sentiu a falla dunha publicación que recollese as obras de creación e os traballos (artigos e libros) de crítica literaria galega. Eu dixéralle que Anxo Tarrío preparaba unha revista de literatura, e que posiblemente cumprise os seus obxectivos.

En maio de 1989, cando eu xa volvera a Galicia, saíu o *Boletín Galego de Literatura*, dirixido por Anxo Tarrío, cun número dedicado a Celso Emilio Ferreiro. Xan escribírame alegrándose de que, por fin, houbese en Galicia unha revista literaria e non facía ningunha alusión á que el proxectara. Pensaba eu que convencido de que aquela era a publicación que se necesitaba. Cando en novembro dese mesmo ano de 1989, aparece o número 2 do *Boletín* mandoume un correo no que dicía que esa non era a revista na que el pensara —o que viñeron confirmar os números seguintes—: non incluía a memoria anual da producción literaria de Galicia e o seu campo de estudio ía máis alá dos ámbitos da literatura galega. Convencido de que esa publicación non cubría as necesidades que profesores e investigadores da nosa literatura tiñan —ou deberían ter— Xan volveu a retomar o proxecto dunha revista de estudos literarios galegos.

Folleou unha chea de publicacións prestixiosas: americanas, francesas e hispanas, especialmente. Fotocopiou os índices daquelas que máis se adaptaban ó seu proxecto ou daquelas outras nas que descubría algúns aspectos de interese na que el non matinara, e no verán de 1990 tróuxoas a Galicia para comentar coa xente de aquí as súas ideas sobre a revista que lle gustaría dirixir. Xa tiña deseñada a composición e estaba moi entusiasmado coa idea. Sería un compendio dos traballos de investigación más interesantes —teses de doutoramento, tesinas ou calquera tipo de ensaios—, que estudasen algún aspecto dunha obra, dun autor ou do sistema literario galegos. Esta sección completaríase con outras dúas: unha de recensións de obras de creación e de ensaios escritas en galego e outra de panorámicas que analizasen a producción literaria anual nos diversos xéneros (poesía, narrativa e ensaio); máis tarde engadíuselle a panorámica de traducción literaria, feita por Gonzalo Constenla,

e un compendio cos libros e os artigos de literatura publicados no ano, un traballo que coordinou Helena González.

En Nigrán falamos das dificultades de financiamento que podía ter unha publicación desas características, e das posibilidades de que algunha editorial se fixese cargo dela. Convencido das bondades do proxecto, poucos días antes de volver a Nova York, González-Millán foi a Edicións Xerais de Galicia pedir que lla publicasen, pero meses despois escribiunos un chisco decepcionado, para dicir que en Xerais non vián economicamente viable a revista. Xa había outra e para un mundo literario tan reducido coma o galego era abondo. Na seguinte viaxe a Galicia Xan foi a Galaxia, e Carlos Casares comprometeuse a publicar o *Anuario de Estudios Literarios Galegos*. Entre os dous acordaron quen formaría parte do equipo de redacción e do consello científico; e a comezos de 1993 sae o primeiro número, correspondente ó ano 1992, baixo a dirección de Xoán González-Millán e de Dolores Vilavedra Fernández.

Para González-Millán, calquera que se achegue á análise de textos literarios galegos debería partir da idea de que vai estudar unha literatura marginal dentro da propia sociedade que a produce. E de que a suposta «autonomía das literaturas nacionais deixou de ser —se algunha vez o foi— un paradigma epistémico válido». E no primeiro número fai a presentación da revista, plenamente consciente de que cumpría defendela, e explica as razóns dunha publicación semellante nun mundo literario tan limitado como é o do galego. Dentro dos parámetros dunha literatura periférica, parécelle urxente alentar estudos que afonden en aspectos da socioloxía literaria, desde os que se poden analizar mellor as relacións entre autor, texto, receptor e contexto. González-Millán pretendía que a revista chegase a ser un instrumento útil no enriquecemento dos estudos literarios galegos e no seu desenvolvemento fóra das fronteiras.

O bo facer e o moito saber do seu director e do equipo co que colaborou deron froitos moi logrados. O *Anuario de Estudios Literarios Galegos* pasou de 237 páxinas do primeiro número a 422 do último (ano 2001), espallouse por non poucas universidades europeas e americanas e converteuse nun instrumento valiosísimo para todos aqueles que nos dedicamos ós estudos da literatura galega: o profesorado universitario ou de ensino secundario e os creadores e as creadoras textuais. As panorámicas que cada ano dan conta da produción literaria galega así como os compendios bibliográficos, dos que é responsable Helena González, son, despois de dez anos, un referente imprescindible para o coñecemento do sistema literario de Galicia.

Na miña opinión, o *Anuario de Estudios Literarios Galegos* foi un dos froitos más importantes da fábrica de proxectos de Xan que nos quedou trala súa morte prematura. E esta valoración ben me pesa non terlla feito a el. Na nosa derradeira conversa, nun restaurante de Nova York, Xan estaba triste, e nun momento preguntoume qué pasaba co *Anuario* que non acababa de ser ben

aceptado. Sorprendida pola pregunta non atinei coa resposta e desvieina facendo unha broma e negando que houbese rechazo ningún. E percibín que non quedara conforme. ¡Moito me ten pesado a miña actitude nese momento! E agora, nin no Grove cando chegue o verán nin cando eu vaia a Nova York será posible volver a falar do tema con el para dicirlle o importante que é esa publicación no pequeno mundo literario e que a súa escasa aceptación é un reflexo máis dos conflictos que hai na comunidade intelectual galega.

E remato recollendo o parágrafo final do texto que Dolores Vilavedra, a súa estreita colaboradora, puxo no último número do *Anuario* en lembranza do seu chorado director:

A distancia [física de Xan] víase compensada por unha pulsión sentimental nunca embafada polo sentimentalismo, porque a súa meta era analizar a realidade galega co rigor implacable dos que só colman a súa sede co saber, un compromiso ó que se entregou coa paixón inesgotable e o pulo entusiasta dos que están certos de que ese é un camiño que non ten fin. O noso compromiso, agora e sempre, é continuar a percorrelo.

E suliño a frase final, insistindo en que dentro dese compromiso debe estar coidar de que o *Anuario de Estudios Literarios Galegos*, que un día Xan González-Millán concibiu desde a outra banda do Atlántico e que nos deixou en usufructo, non desapareza. Agora máis ca antes, eu síntome comprometida no empeño de que a obra non morra co creador e trataréi de que perviva longos anos. Fago votos para que así sexa.

XOÁN GONZÁLEZ-MILLÁN: ITINERARIOS TEÓRICOS

ARTURO CASAS

Universidade de Santiago de Compostela

Agradezo á Asociación Internacional de Estudos Galegos e aos colegas do Comité Organizador deste seu VII Congreso a oportunidade de compartir uns momentos de recordo e de homenaxe académica a un profesor e investigador merecente do máis alto respecto intelectual, por quen desde hai anos sinto fonda e fértil admiración. Todos botamos moi de falta a Xoán González-Millán, o seu irremprazábel maxisterio científico, a súa capacidade para sinalar e abrir camiños novos, para esperanzarnos coas ferramentas do rigor e da razón. Pedíuseme que me centrase nos aspectos teóricos da súa traxectoria como investigador nos vintecinco anos que esta permaneceu viva. Procurarei non apartarme da encomenda, pero adianto que esa dimensión teórica non pode quedar inscrita a penas no terreo do literario; nin sequera, en sentido amplo, no ámbito do cultural.

Antes de entrar en materia querería mencionar algo que talvez condicione a análise que de seguido ofrecerei. O coñecemento que eu teño da obra de González-Millán está fundamentado de modo estricto na lectura e o estudo dos seus libros e artigos. Trateino pouco en persoa. Fóra dunha entrevista que mantivemos hai seis ou sete anos en Compostela, en presencia por certo de Carlos Casares, outra personalidade inesquecible que se levou o ano 2002, non tiven a fortuna de coincidir con el. A mediados dos anos 90 frecuentaramos, iso si, unha comunicación fluída, sobre todo a raíz da súa colaboración no libro *Tentativas sobre Dieste*, coordinado por min (González-Millán 1995). Nesa altura fun testemuña da súa progresiva aproximación ao pensamento de Jürgen Habermas, centrada sobre todo na exploración do rendemento conceptual do *espacio público*, basicamente nas súas posibes aplicacions ao marco de estudos sobre o nacionalismo en condicións de subalternidade, alicerces claros das reflexións que desembocarían no ano 2000 no libro *Resistencia cultural e diferencia histórica*, penúltimo dos seus. Manifesto todo isto para deixar constancia de que carezo de datos derivados dun contacto directo e duradeiro con González-Millán. Eses datos, o acceso ao taller vivo de ideas, preocupacións, lecturas e proxectos do admirado mestre, contribuirían a un establecemento

máis exacto do que eu pasarei xa agora a deliñar, esos itinerarios teóricos que son rexistro definitivo do seu labor científico.

Contemplado o percorrido completo das súas publicacións a partir das primeiras recensións de finais dos anos 70 na revista *Encrucillada* ata o derradeiro libro, dedicado ao estudo dos procesos de canonización literaria asociados a obras como o *Diccionario Enciclopédico* de Eladio Rodríguez (2001), entendo que se evidencia unha notábel continuidade en tres ámbitos. É relevante destacalo porque non sempre acontece isto no quefacer noso, e tamén porque sobre esa apreciación de perseverancia podería impoñerse con inconveniente facilidade unha verificación de signo en principio contrario: a de constatarmos unha saudábel e pertinente actualización de puntos de vista e mesmo de metodoloxías. Non dubido sobre isto último, quede claro, pero tampouco sobre esa continuidade asentada nun triple nivel, que agora paso a analizar.

Maniféstase, primeiro, no referido á clase de asuntos e problemas que con moi escasas variantes demandaron a súa atención durante un cuarto de século (e, en consecuencia, tamén na delimitación de marcos nos que nunca lle interesou entrar). Destacaría sobre todo estes tres núcleos de observación: 1) a cuestión nacional en termos xerais, na etapa final con primacía das análises sobre a subalternidade colonial ou neocolonial; 2) a constitución de protosistemas e sistemas literarios, con derivas tan relevantes como a problemática do canon, o exame do fenómeno antolóxico, o estudo do nacionalismo literario e da hexemonía sociocultural, a emerxencia dunha *cultura pública* e dun *espacio público* nacionais, a crise e necesaria renovación da historiografía literaria ou a lexitimación baixo certas coordenadas histórico-culturais de determinados discursos, mercados, xéneros...; e 3) a atención ao que el mesmo apelaba como *elementos de inestabilidade e/ou desintegración*, presentes en niveis textuais — son paradigmáticos aquí os seus estudos sobre Cunqueiro, de 1991, ou tamén o libro *Silencio, parodia e subversión*, do mesmo ano— pero así mesmo contextuais, culturais ou sociais. Naturalmente, esos tres núcleos temáticos reclamaron a súa atención en termos teóricos e por tanto xerais, pero o certo é que a súa proxección crítica se plasmou nunha moi alta porcentaxe sobre a literatura galega contemporánea, do grupo Nós a Rei Ballesteros ou Suso de Toro, sempre con predilección polos textos narrativos, segundo testemuña o libro de 1996 *A narrativa galega actual* (1975-1984).

O segundo nivel de continuidade correspón dese coa especialísima sensibilidade heurístico-epistemolóxica de González-Millán en tanto observador, investigador e analista. Algo que chama poderosamente a atención lendo en especial os últimos traballos da súa autoría é a insistencia na mención da *efectividade* e das *garantías heurísticas* de determinados esquemas de proximación ao obxecto de coñecemento establecido. No inicio do capítulo «A sociedade civil» do libro *Resistencia cultural e diferencia histórica*, por exemplo, esa clave

aparece máis de media ducia de veces en a penas cinco ou seis páxinas. Facer fincapé nesa dimensión, desbotando asemade as propostas inconvenientes ou insuficientes, non significa só apelar a uns presupostos metodolóxicos ou propedéuticos pretendidamente optimizados, nin só subliñar a necesidade do sometemento a uns feitos ou a uns documentos históricos. Segundo a miña percepción, traer a primeiro plano a dimensión heurística como correlato permanente da rede conceptual de partida supón en concreto un sometemento á experiencia directa e unha orientación empírica a un «saber procurar» e a un «saber descobrir». *Saber procurar que?* Pois, ante todo, zonas de estudio e perspectivas novas e más finas e adecuadas para un cabal acceso á realidade social e cultural na súa complexa e dialéctica totalidade, un coñecemento de porparte que non se detén en si propio senón que por González-Millán se sobreentende asociado a unha futura intervención sobre o medio estudiado.

Escúcese a insistencia: no fondo, dirixir todas as luces cara a esta clase de cuestiós constitúe unha operación moral e política pola que o investigador deixa en claro a súa grave preocupación perante a responsabilidade histórica que asume, moi en particular polo que pode supoñer de *condena á irrelevancia* de determinados fenómenos que deberan ser tidos en conta. Aprécianse de fondo, por suposto, non só as pegadas do marxismo senón tamén as do constructivismo, nunha converxencia non sempre doada. A realidade que vemos sería froito dunha construción teórica previa que nos faculta para ver xustamente iso e para, a continuación, intervirmos coa finalidade de modificalo. Tamén destacaría a este mesmo respecto unha certa distancia en relación con algúns paradigmas de investigación sociolóxico-cultural hoxe en voga entre nós, pero a isto voltaremos despois.

Como consecuencia de todo o que se acaba de deliñar, a maior parte das publicacións do autor, incluídos por suposto libros como *Literatura e sociedade en Galicia* (1994), o citado *Resistencia cultural e diferencia histórica ou Communication littéraire et culture en Galice* (1997), escrito en colaboración con Antón Figueroa, pero non menos os seus artigos breves e —atención— incluso as simples recensions críticas, constitúen en verdade auténticos *programas de investigación* remitidos á comunidade científica interesada. Por razóns coma esta comparece decote a referencia ao labor assumido como unha especie de *exercicio cartográfico*, exploración incoada que non se culmina e se aspira a compartir xa *in statu nascendi*¹.

Precisamente, o terceiro nivel de continuidade que tampouco convén postergar cando se fala de González-Millán —documentábel xa nas publicacións críticas sobre Horace Davis, Jean Chesneaux ou Ricardo Petrella en *Encrucillada*— é a convicción de que o seu traballo como estudoso e investigador podería e debería ter unha proxección non só académica senón social e

¹ Exemplos do que digo poden atoparse en entregas de moi diversos cometidos e fornadas, como no artigo de 1978 «O problema nacionalista: novas realidades e novos conceptos» (en

aínda política; e non só dirixida ao núcleo de colaboradores directos e ao contorno inmediato de especialistas, senón ademais, a medio prazo, enfocada a Galiza entendida como proxecto histórico.

Dito así non poden albergarse dúbidas: González-Millán foi un dos herdeiros críticos do programa ilustrado, que non por casualidade pasa no derradeiro tercio do século XX por pensadores como Habermas e outros integrantes da segunda etapa da Escola de Fráncfort, polo marxismo cultural británico ou polo conglomerado multidisciplinar que está a protagonizar no mundo anglosaxón e nos espacios poscoloniais a el asociados a Teoría Crítica e a reordenación das Ciencias Sociais desde hai unha ducia de anos. Polo mesmo, permítaseme abundar, o noso teórico experimentou escaso interese polas diversas impugnacións que nos séculos XIX e XX se postularon contra a cerna dese programa ilustrado e as súas estratexias principais. Así, pois, falamos dunha razón marcada polas complexidades e as pluralidades culturais, sociais, ideolóxicas e nacionais. Dunha razón materializada en cultura á luz da diferencia, dos procesos hexemónicos e das dinámicas de subalternidade. E falamos alén diso dun pensador que aínda que sempre tivo á vista a realidade sociocultural da súa nación construíu en verdade un edificio teórico de interese e aplicabilidade xerais. Podería documentar e argumentar isto último sen dificultades. Enténdase que se agora non me deteño nesa dimensión é só pola especificidade da convocatoria que nos reúne en Barcelona.

Carezo de tempo así mesmo para entrar en pormenores que por outra parte se me presentan como apaixonantes, pero algunas das asintotas ou das tanxentes ás liñas trazadas si que merecerían un mínimo apuntamento. Cito só as dúas primeiras que se me veñen á mente. O tipo de intervención propugnada por González-Millán garda certas semellanzas coa que asociamos a outros momentos históricos e a outras elites culturais galegas, quizais más que con ningunha outra, coa propia do Seminario de Estudios Galegos. Con todo, a novidade provén da súa confianza nas capacidades das renovadas Ciencias Sociais como motor de concienciación e cambio. Confianza, por tanto, que non o é estrictamente na razón en abstracto, nin moito menos nunha comuñón étnico-civil, nunha unidade de orde estética ou, sequera, nun programa político de mínimos. E, en segundo termo, pero en vinculación directa co anterior e non menos infrecuente: a consideración da identidade cultural e nacional no

Encrucillada), na reseña sobre o libro coordinado por Homi Bhabha *Nation and Narration* (en Grial, 1991), no que en principio sería igualmente unha mera recensión do libro de Ramón Máziz *A idea de nación* (*A Trabe de Ouro*, 1997), no panorama sobre a polémica aberta a finais dos anos 80 entre Fredric Jameson e Aijaz Ahmad a raíz da publicación por parte do primeiro en *Social Text* do artigo «Third-World Literature in the Era of Multinational Capitalism» (*A Trabe de Ouro*, 1993), no exame do concepto de *cultura pública* (*Letras Peninsulares*, 2002) ou, moi nomeadamente, no desternido artigo «O criterio filolóxico e a configuración dunha literatura nacional» (*Cadernos de Lingua*, 1998).

pensador que agora lembramos é indisociábel da reflexión sobre a alteridade e a diferencia.

González-Millán foi por iso mesmo un teórico nada sectario. Dificilmente podía ser quien se caracterizou por unha constante inquietude intelectual e metodolóxica, cuestionadora adoitó dos procedementos aplicados por el mesmo para o coñecemento da realidade observada. Dificilmente podía ser quien se localizaba nunha peculiar heterotopía, esa relación espacial tan complexa co seu país, dentro pero fóra, e desde tan cedo; cunhas posibilidades limitadas de fomentar un discipulado e unha escola criticamente atentos ao seu labor, en especial ás aplicacións en clave galega do mesmo (falo agora tamén das rixideces do noso sistema universitario, da falta de vontade ou de diliexencia de quien corresponde para facilitar a súa presencia e maxisterio directo entre os nosos estudantes e posgraduados). Neste sentido, González-Millán foi unha figura bastante atípica no campo dos estudos sobre a literatura galega. E desa excepcionalidade deriva unha marca que condicionará a presencia futura do seu legado intelectual. Porque, sen ter eu reservas sobre a influencia da súa concepción do fenómeno literario-cultural nin, en termos xerais, sobre o éxito do seu contributo para a actualización dos estudos correlativos entre nós, sen descoñecer mesmo que varias das empresas que maior implicación súa rexistraban han seguir en mans tamén sabias e prudentes, o certo é que as complexas, ambiciosas e plurais dimensións da súa comprensión dos feitos literario-culturais á luz da renovación das Ciencias Sociais na fin de século non están ao alcance de todos os axentes do campo literario (editores, críticos, lectores...), nin tampouco —regresemos a algo xa apuntado— se verán favorecidas polas inercias e as ódegas do sistema universitario nesta beira do Atlántico. Por iso, unha pregunta que me formulo con reiteración desde o pasamento de Xoán González-Millán é: *para quen escribía el en realidad?*

Debo ir rematando. Non querería facelo sen mencionar un par de cuestións non estrictamente heurístico-conceptuais senón máis ben metodolóxicas. Hai sempre unha tendencia a etiquetarmos as propostas teóricas dos demás, a clasificalas e así, en certo xeito, deixalas vistas para a sentencia do tempo. Moita xente aseguraría que González-Millán, xunto con Antón Figueroa e outros teóricos nosos, forneceu desde comezos dos anos 90 as bases para os estudos sistémicos aplicados á literatura galega. Libros como *Communication littéraire et culture en Galice*, cabo doutros, constituirían boa proba. E, desde logo, iso é certo, pero non constitúe toda a verdade. Existen outras facianas que cómpre subliniar e que ofrecen un cadro máis completo. Porque González-Millán foi tamén, entre nós, o máis frontal crítico en relación cos presupostos que poden representar a teoría dos polisistemas de Itamar Even-Zohar ou a teoría do campo literario de Pierre Bourdieu. Foiño sobre todo nos seus últimos anos e de maneira ben decidida ademais. Tanto, que se podería dicir que aspirou a impugnar eses operativos para postular outros alternativos, de maior largura

e cargados do que el mesmo describiría como tensión *utópicoproxectiva*. Así, o traballo de 2001 «Os problemas dunha lectura (poli)sistémica da literatura» analiza a que considera ambigüidade teórica de Even-Zohar e o seu excesivo débito co positivismo funcionalista, co formalismo de Tinianov e cunha concepción semiótica da literatura insuficientemente aberta e en cambio abstracta de máis, motivo este polo que a teoría dos polisistemas daría en promover unha serie de leis ditas *universais* mediante un proceso inductivo e esencialista, parco na atención a situacions sistémicas diferenciadas e perigosamente homoxeneizante.

En relación coa teoría dos campos sociais, hai xa unha inicial aproximación crítica integrada no libro da homenaxe académica a Xesús Alonso Montero publicado pola Universidade de Santiago en 1999. Neste lugar o teórico amosaba as súas reticencias en relación co pendor transhistórico que segundo el cabería recriminar a Bourdieu; en definitiva, falaba da non articulación por parte súa dunha socioloxía histórica da cultura. Pero foi noutro traballo máis extenso, que escribiu para *Grial* nese mesmo ano de 1999, cando, ao fio das revisións críticas de Bridget Fowler, entrou de xeito más decidido en materia para concretar tres fundamentos febles da teoría dos campos sociais na súa proxección aos eidos cultural e literario: 1) a súa exigua aplicabilidade externa, fóra da realidade social francesa, no marco dun comparativismo intercultural, 2) o reduccionismo que conduciría a prestar atención só aos ámbitos de producción dinamizados pola distinción simbólica e 3) a exclusión por Bourdieu dunha atención efectiva á cultura popular².

Finalmente, tanto no teórico francés coma no israelita destaca González-Millán un serio déficit que atinge á lóxica discursiva nacional e á comprensión da hexemonía cultural e da experiencia da subalternidade, razón suficiente — observaba non sen firmeza — para desconfiarmos dos resultados da súa directa aplicación ao caso galego. Tales carencias poderían subsanarse en parte de atendermos outros desenvolvimentos, entre os que non serían irrelevantes os explorados polos Estudos Poscoloniais, os Estudos Culturais e a Socioloxía da Cultura, así como polos denominados Subaltern Studies. Neste sentido foron cobrando protagonismo nas derradeiras análises de González-Millán non só as relecturas de Antonio Gramsci, Mikhail Bakhtin, Jürgen Habermas ou Paul Willis senón tamén o seguimento das propostas de Sherry Ortner, James Scott, Bridget Fowler, Homi Bhabha ou Ranajit Guha. Así mesmo, estivo moi atento nos últimos anos á renovación actual das Ciencias Sociais en Norteamérica.

² As críticas de González-Millán non sempre se efectuaron tendo presente a culminación dos desenvolvimentos teóricos de Even-Zohar ou de Bourdieu. Así, non menciona os traballos posteriores aos agrupados en *Poetics Today* no ano 1990 por Even-Zohar, relevantes para a modificación do rumbo da teoría dos polisistemas. Algo parecido pode apuntarse sobre a inxente producción científica do último Bourdieu.

rica, nomeadamente ao traballo de Craig Calhoun, o autor de *Critical Social Theory. Culture, History and the Challenge of Difference* (1995), en quen sinalou algunas pistas prácticas de interese para un desenvolvemento aplicábel á situación galega³.

A todo isto é ao que González-Millán quixo ofrecer un dilatado cauce exploratorio na que xulgo a súa proposta máis autoesixente e feraz, *Resistencia cultural e diferencia histórica*, libro ardido que configura de novo unha especie de cartografía conceptual e heurística para un futuro incerto: o da pervivencia do que malia todo podemos seguir chamando Galiza. Nos seus capítulos xuntou os vimbios para pensarmos con ideas e discursos novos a identidade nacional nun mundo que xa non se deixa explicar coas ferramentas que serviron noutrora. Insisto en que se trataba dunha tarefa comprometida, tamén en termos políticos, certamente arriscada nas coordenadas que na hora actual definen ao país, para empezar porque, pesie o seu carácter de chamamento contra a indolencia intelectual, este libro —e con el boa parte da obra enteira de Xoán González-Millán— corre o risco de ficar sen interlocución.

BIBLIOGRAFÍA CITADA

- FIGUEROA, Antón, e Xoán GONZÁLEZ-MILLÁN. *Communication littéraire et culture en Galice*. París e Montréal: L'Harmattan, 1997.
- GONZÁLEZ M., Xoán. «O problema nacionalista: novas realidades e novos conceptos». *Encrucillada* 8 (1978): 60-76.
- GONZÁLEZ-MILLÁN, Xoán. *Silencio, parodia e subversión: Cinco ensaios sobre narrativa galega contemporánea*. Vigo: Edicións Xerais, 1991.
- GONZÁLEZ-MILLÁN, Xoán. *Álvaro Cunqueiro: Os artifícios da fabulación*. Vigo: Galaxia, 1991.
- GONZÁLEZ-MILLÁN, Xoán. *Álvaro Cunqueiro e Merlin e familia*. Vigo: Galaxia, 1991.
- GONZÁLEZ-MILLÁN, Xoán. «Nación e narración». *Grial* 110 (1991): 312-314.
- GONZÁLEZ-MILLÁN, Xoán. «As literaturas do 'Terceiro Mundo': os termos dunha polémica». *A Trabe de Ouro* 13 (1993): 67-77.
- GONZÁLEZ-MILLÁN, Xoán. *Literatura e sociedade en Galicia (1975-1990)*. Vigo: Edicións Xerais, 1994.

³ O procedemento non era novo. Antes, na súa tese de doutoramento e nos traballos dela derivados, fixera algo non desemellante en relación cos herdos estructuralista e posestructuralista, cribados e arrequeñados pola introducción de prismas culturolóxicos e dialóxicos destinados a fundamentar unha narratoloxía non formalista. As pautas principais desa renovación asimiláraas daquela desde Mikhail Bakhtín, Iuri Lotman, Julia Kristeva, Hayden White, Edward Said, Peter Zima ou Linda Hutcheon, entre outros teóricos.

- GONZÁLEZ-MILLÁN, Xoán. «O discurso literario galego e a configuración dun espacio público nacional no primeiro tercio do século XX: un marco de reflexión». *Tentativas sobre Dieste*. Coord. de Arturo Casas. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco, 1995, 13-29.
- GONZÁLEZ-MILLÁN, Xoán. *A narrativa galega actual (1975-1984). Unha historia social*. Vigo: Edicións Xerais, 1996.
- GONZÁLEZ-MILLÁN, Xoán. «¿Etnia ou nación? Algúns desafíos na articulación conceptual do fenómeno nacionalitario». *A Trabe de Ouro* 32 (1997): 23-42.
- GONZÁLEZ-MILLÁN, Xoán. «O criterio filolóxico e a configuración dunha literatura nacional». *Cadernos de Lingua* 17 (1998): 5-24.
- GONZÁLEZ-MILLÁN, Xoán. «Notas para unha avaliación da teoría da cultura no modelo sociolóxico de Pierre Bourdieu». *Grial* 141 (1999): 111-132.
- GONZÁLEZ-MILLÁN, Xoán. «A teoría dos campos sociais en P. Bourdieu». *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó Profesor Xesús Alonso Montero*. Coord. de Rosario Álvarez e Dolores Vilavedra. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 1999, t. I, 1213- 1225.
- GONZÁLEZ-MILLÁN, Xoán. *Resistencia cultural e diferencia histórica: A experiencia da subalternidade*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco, 2000.
- GONZÁLEZ-MILLÁN, Xoán. *O Diccionario Enciclopédico de Eladio Rodríguez. A canonización lexicográfica da literatura galega*. Vigo: Edicións Xerais, 2001.
- GONZÁLEZ-MILLÁN, Xoán. «Os problemas dunha lectura (poli)sistémica da literatura». Silva. *Studia Philologica in honorem Isaías Lerner*. Ed. de Isabel Lozano-Renieblas e Juan Carlos Mercado. Madrid: Castalia, 2001, 301-313.
- GONZÁLEZ-MILLÁN, Xoán. «As imaxes emerxentes dunha cultura pública galega: dificultades e desafíos». *España plurinacional: Creación e identidades/Plurinational Spain: Creation and Identities*. Ed. de Víctor Fuentes. *Letras Peninsulares* (2002): 249-268.

XOÁN GONZÁLEZ-MILLÁN, TERCEIRO PRESIDENTE DA ASOCIACIÓN INTERNACIONAL DE ESTUDOS GALEGOS

HELENA GONZÁLEZ FERNÁNDEZ

*Universitat de Barcelona
Relacions Públicas da AIEG*

O Dr. Xoán González-Millán, terceiro Presidente da Asociación Internacional de Estudos Galegos (1991-1994) e Vicepresidente o triénio anterior, finou no inverno pasado e o frío da neve nas montañas de Nova York privounos dun referente teórico fundamental para os estudos literarios, privounos do mellor embaixador que calquera nación pode imaxinar e privounos, a moitos, do infatigable, cordial amigo e mestre Xan. Todos o lembramos nas librerías, nas tendas de música, nas conversas sempre co caderno ó lado para o anotar todo. Teño para min que tamén anda por aquí, onda nós, tomado nota das intervencións e esborranchando ideas para un vindeiro artigo. Se non me engano este é o primeiro acto académico no que a comunidade investigadora internacional lle rende homenaxe, e eu asegúrolles que para mim é un acto terrible. Máis ainda despois do duro labor de abrirmos desde *Canal Estudios Galegos* un libro de dó ó que chegaron ducias e ducias de notas desa comunidade, virtual pero existente, de estudosos da cultura galega no mundo. Para quen abriamos a diario a caixa do correo, Chus Lama e mais eu, era triste pero reconfortante recibir tantas mostras de pesar e recoñecemento. O teórico deixara unha pegada que nin el mesmo chegou a imaxinar sendo como son as parroquias investigadoras pequenas, pequeneiras. Por sorte, desde mediados dos 90 moitos dialogaron co seu pensamento. Sonlle debedores moitos traballos de investigación, moitas teses, moitas reflexións en voz alta de Oxford a Santa Barbara, de Vigo a Barcelona e, por suposto en Nova York, onde queda un seu discípulo, Alex Alonso Nogueira.

O escultor Francisco Leiro, nado na ribeira do mar da Arousa e residente, cando menos longas tempadas, en Nova York, ofrécenos o que podería ser un dos retratos que nos foron roubados de Xoán González-Millán. Trátase dunha

das súas pezas figurativas características, en madeira de castiñeiro, titulada *Mildreas falando*, de 1987, más ou menos cando Xan asoma ao mundo investigador. Trátase dun deses homes colosais de Leiro, coa contundencia que lle é habitual, causando a sensación de extrema natureza terrea da madeira solidamente pousada no chan coa lixeireza arbórea, inmensa e imposible dos seus xigantes expresionistas. *Mildreas falando* é o retrato sereo dun home combado fisicamente polo peso dos anos e do traballo sen ser aínda vello petrucio, coa cabeza e a fala lúcida ofrecendo o seu pensamento a quen estiver disposto á conversa intelixente. Xoán González-Millán, marcado como Leiro polo Atlántico por medio, naceu tamén ó pé do mar da Arousa e fixose residente a tempo completo en Nova York. Deixounos demasiado novo, cadrando co tempo das mandarinas, e por iso ese retrato do home entrado en anos, lúcido e sabio, nos foi roubado. Xan coma Mildreas, era un home de cabeza teórica e afabilidade colosais e fóisenos nun ano que virou negro o espírito e o corpo de Galicia, coa morte de Carlos Casares e Roberto Vidal Bolaño, e logo coas ondas negras do fuel que el aínda pudo albiscar desde a beira do Hudson.

Deixounos o Dr. González-Millán unha obra aberta voluntariamente polémica, arriscada e política. Literatura, sociedade e nación foron as tres crenchas do seu pensamento trenzado que lle serviu para revisar a fundamentación da identidade nacional. Efectivamente, abro un volume grosso, o *Galicia, unha luz no Atlántico* (Vigo: Xerais, 2002) que coordinou Víctor Freixanes e alí, nas páxinas 388 e 389 aparece González-Millán como un dos canteiros que ofreceron argumentos novos para o discurso da nación actual, xunto a Francisco Fernández del Riego, Ramón Piñeiro, Ricardo Carballo Calero, Alonso Montero, Margarita Ledo, Xosé Manuel Beiras, Ramón Villares, Xosé Ramón Barreiro ou un fraternal amigo de seu, Antón Figueroa. Alí están nomes diverxentes no pensamento pero todos imprescindibles na construción identitaria contemporánea que non só non refuga enlamarse de presente senón que ofrece elementos críticos para unha más eficaz e consciente construción do futuro. Velaquí un exemplo. Nun dos seus últimos traballos, *Resistencia cultural e diferencia histórica*. A experiencia da subalternidade (Santiago de Compostela: Sotelo Blanco, 2000) escribía sobre o futuro inmediato, o noso presente, logo de pensar —e disentir— a libro aberto con Gramsci, Thompson, Bakhtin ou Even-Zohar. Así falaba el da Galicia no terceiro milenio, con aquellas frases longuísimas que o caracterizaban:

A Galicia do ano 2000, que hai un par de décadas soaba a unha frase tópica (de tan utópica), está xa aí, repleta de posibilidades e sobre todo de desafíos. As frontes multiplícanse día a día, pero sobresaen pola súa especial relevancia as representadas por tres dinámicas: a da globalización a escala mundial, a dunha imparable europeización das diversas unidades socioculturais que forman parte do continente homónimo e a dunha urxente reconsideración das normas do xogo político-estatal (constitucional). Cada unha delas intervén de forma

específica no proceso de (re)construcción dun imaxinario nacional galego. A eficaz aplicación de moitas das ideas que percorren este libro á Galicia do terceiro milenio, sexa a mobilización dunha (hipotética) sociedade civil fronte ás institucións do Estado, a construcción dunha hexemonía nacional galega, a institucionalización duns *espacios sociais* galegos diferenciados e autónomos, ou a potenciación dos ámbitos nos que agroman proxectos de resistencia fronte aos procesos de uniformidade teledirixidos por unha globalización da lóxica do capital ou por unha pseudo-europeización, dependerá, en gran medida, da capacidade de imaxinación social pero, sobre todo, dun esforzo colectivo por precisar as prioridades e meditacións que determinan e condicionan todo proceso de renovación social. (*Resistencia cultural e diferencia histórica*, pp. 177-178)

Fáltalle a este texto unha apostila de actualidade: a valoración que González-Millán faría logo do quebro que a sociedade galega viviu neste inverno intenso e negro. Queda ese labor para nós, obrigados agora a debater co seu pensamento que non se ofrece dogmático senón dialogante e que se marca como reto a transformación permanente, infatigable e rigorosa.

Coido que Xoán González-Millán está connosco aquí neste congreso porque este foro existe, entre outras razóns, gracias ao pulo de investigadores que coma el asumiron a difícil función do embaixador sobre, esa posición que só González-Millán e uns poucos mais souberon desempeñar con xenerosidade e sentido da responsabilidade histórica, é dicir, do compromiso cunha nación que se saíra da foto tópica da tarxeta postal. Nas universidades e nas publicacións americanas González-Millán abriu os espacios para comunicar unha maneira rigorosa e renovadora a Galicia de hoxe. Da emerxencia da literatura galega contemporánea, da narrativa recente, da singularidade sociolingüística sóubose na súa universidade gracias á presencia de investigadores galegos que ano a ano falaban sobre estes temas. E nesta ribeira do Atlántico aprendemos con el a explicarnos no *verbo dos arxinás* da socioliteratura: sistema literario, periferia, subalternidade, parodia, subversión... O embaixador sobre cumplía así á perfección o difícil papel de atender a uns e outros desde Nova York, coma quen di, o embigo da rede cultural occidental. Nin foi o primeiro nin será o último galego en Manhattan: Castelao descubrindo a negritude urbana norteamericana tan diferente da que coñece en Cuba, Maruxa Mallo fascinada por Warhol, os nosos intelectuais exiliados dos que fala Víctor Fuentes, e agora artistas coma Francisco Leiro, todos teñen alí un pé chantado. Sempre haberá galegos en Nova York pero se algo singulariza a González-Millán, insisto, é o seu papel de embaixador sobre que desde Queens, onde vivía, e Manhattan, onde traballaba, miraba con perspectiva a realidade galega inmersa no mundo.

En Nova York celebrouse o III Congreso Internacional de Estudos Galegos da AIEG no ano 1991. Un dos logros daquel congreso foi o de abrir as portas

aos investigadores de Galicia e de Europa e, polo tanto, abrir de feito unha asociación que naceu co pulo dalgúns universitarios americanos. Logo de Kathleen March e de Antonio Carreño, González-Millán coidou que era preciso galeguizar e internacionalizar realmente a asociación e, daquela, facer máis presente a investigación do noso no mundo. De Nova York saíu o modelo de macrocongreso plural que agora coñecemos. Logo virían Oxford, Trier, La Habana. Moito cadra esta actitude aberta e crear espacios co talante de González-Millán para facermos e explicarmos unha Galicia moderna, consciente da súa diferencia e con proxección internacional. O afectuoso e arriscado Xoán González-Millán era máis amigo do traballo rigoroso e valente ca da autocompracencia e a sentimentalidade, por iso o mellor que nos pode quedar dun afouto teórico coma el son os seus libros e artigos. Xoán González-Millán, o embaixador dobre, preparou o azougue dos espellos nos que nos miramos, desde a conciencia identitaria e a responsabilidade histórica de avanzarmos e explicármonos. Avanzar nestes camiños, dialogando en acordo ou desacordo co mestre, é cousa nosa.

Xan, perderte como mestre e como amigo fáiseme tan insoportable que regreso ao Mildreas de Leiro e lle poño a túa cara con algunas canas máis.

XOÁN GONZÁLEZ-MILLÁN Y EL NUEVO HISPANISMO PLURAL

VÍCTOR FUENTES

University of California, Santa Barbara

Es para mi un honor sumarme a este acto de homenaje, en la universidad de Barcelona, a nuestro querido y admirado Xoán, que está aquí con nosotros en su imperecedero recuerdo y obra. Me adhiero a este homenaje, en primer lugar, como representante de ese nuevo hispanismo, plural, que ha surgido en los Estados Unidos y del cual Xoán fue uno de sus principales impulsores. De aquí que tanto la directora de la revista *Letras Peninsulares*, Mary S. Vásquez, como yo, editor del número monográfico de la revista, *España plurinacional: Creación e identidades*¹, le hemos dedicado el monográfico con las siguientes palabras: «A la viva memoria de Xoán González-Millán, académico y persona de gran valía, integridad y generosidad. Xoán ha sido uno de los precursores del nuevo hispanismo plural al que responde este número de *Letras Peninsulares*».

El Departamento de español y portugués de la Universidad de California, en Santa Bárbara, al cual también represento en el Homenaje, junto a otros colegas y estudiantes del doctorado presentes en este Congreso, tuvo en Xoán un continuo apoyo incondicional, tanto cuando organizamos un Primer Congreso con el tema de España plurilingüe, como en la programación de actividades de nuestro Centro de Estudios Galegos.

Con su generosidad acostumbrada, la primera vez que nos encontramos en Santa Bárbara, me dijo que el aliciente de su visita era el de conocerme en persona. Coincidíamos en el enfoque histórico-social y cultural a la literatura. Conocía mis estudios sobre la novela social y *La marcha al pueblo en las letras españolas 1917-1936*, de los años 60 y 70 y yo, en los 90, he aprendido de sus penetrantes estudios sobre la literatura y la cultura gallega y de sus enfoques teóricos sobre las llamadas literaturas menores y las cuestiones de la subalternidad y el postcolonialismo.

¹ VASQUEZ, Mary S. (ed. general), FUENTES, Víctor (ed. invitado). *España plurinacional: creación e identidades / Plurinational Spain: Creation and Identities* in *Letras Peninsulares* (Fall 2002).

En el monográfico de *Letras Peninsulares* publicamos un ensayo, lamentablemente ahora póstumo, sobre un nuevo tema de estudio, de acuciante actualidad, en el que se internaba Xoán y sobre el cual seguramente preparaba un libro: "As imaxes emerxentes dunha cultura pública galega: dificultades e desafíos". Ustedes, los presentes en este Homenaje, tienen en sus manos fotocopia de este artículo que les hemos pasado para acercarnos a lo tanto hubiéramos querido: que Xoán estuviera aquí con nosotros, dilucidando con su riguroso y clarividente discurso teórico estas cuestiones de las que trata el ensayo, e incitándonos para que entre todos busquemos respuestas a los interrogantes y desafíos que enfrentan la cultura gallega y la de la España plural de nuestro tiempo.

Para mí, en lo que escriba sobre literatura gallega en esta etapa final de mi carrera, el espíritu de Xoán siempre estará presente, llamándome a ello. Muchas gracias por la atención.